

PROPOSTA DE PSICOMOTRICIDADE

RECICLAMOS E XOGAMOS



Beatriz Doval Pociña
Mestra do CEIP Juan Fernández Latorre



XOGOS DE PSICOMOTRICIDADE CON MATERIAL DE REFUGALLO

Para celebrar o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de Xuño) temos como proposta de psicomotricidade diferentes xogos con material de refugallo, unindo así actividade artística e psicomotricidade para fomentar no alumnado o valor da reciclaxe e o coidado do noso Planeta.

APUNTÁDEVOS Á RECICLAXE E MANS Á OBRA!!!




XOGO DOS AROS

Un xogo de lanzamento, precisión e puntería que neste caso esixe moita concentración para ensartar cada aro no seu rolo de cartón correspondente.

MATERIAL:

- 5 rolos de cartón de papel de cocina
- Cartón para facer os aros
- Pincel
- Pintura de dedos
- Tesoiras.



FABRICACIÓN:

- Pintar os 5 rolos de cartón de diferentes cores e pégalos sobre unha superficie.
- Debuxar 5 aros num cartón e recortalos.
- Pintar os aros con pintura (un de cada cor dos rolos de papel).

XOGO:

Lanzar e meter cada aro dentro do rolo de cartón que teña a mesma cor.



COELLIÑO TRAGABOLAS

MATERIAL:

- Caixa de cartón
- Cartolina ou papel
- Pegamento
- Tesoiras.



FABRICACIÓN:

- Na caixa de cartón facer un semicírculo na parte de abaixo un pouco máis grande que o tamaño das pelotas.
- Logo pintar a caixa coa cara dun coello (ou animal que lles guste).

XOGO:

O fin deste xogo é que os nenos poidan meter as pelotas dentro da boca do coello, practicando o lanzamento a diferentes distancias, empezando desde máis preto a máis lonxe, aumentando a dificultade.

E practicando os lanzamentos tanto ca man dereita como ca esquerda.

Cantas pelotas comerá o coelliño?



"FRISBEE"

Máis fácil imposible e co que non pararán de moverse.

Un xogo ideal para desenvolver a coordinación do corpo, o equilibrio e exercitar a pinza da man.

MATERIAL:

- Dous pratos de cartón
- Rotuladores ou pintura de dedos
- Pistola de silicona



FABRICACIÓN:

- Recortar o centro dos dous pratos de cartón.
- Decoralos con pintura de dedos ou rotuladores.
- Pegar os bordos de ambos pratos coa pistola de silicona e deixar secar ben antes de xogar.

XOGOS:

- Facer voar o frisbee, mesmo dentro da casa, porque non pesa.
- Xogar a pasalo con outras persoas.



TÚNEL SENSORIAL

Con pouco de imaxinación e unas simples caixas de cartón podedes montarllas un divertido túnel sensorial que poden axudar a decorar.

MATERIAL:

- Caixas de cartón.
- Pintura.

FABRICACIÓN:

- Abrir as tapas e colocar as caixas unha a continuación da outra facendo un pouco de presión para inserir unhas con outras.
- Envolver cinta adhesiva ao redor das unións e decorar as caixas.
- Facer uns buracos polos lados e no teito para introducir algún obxecto que colgue dentro do túnel (cintas de cores...)
- Tamén podedes colocar algún xoguete dentro do túnel para facelo máis atractivo, e potenciar as súas habilidades de agarre e fortaleza física cando tente levar os obxectos .

XOGO:

Gatear ou reptar polo túnel para ver todas as sorpresas que contén no seu interior.



DIPLOMA



CONCEDIDO A:

POR SABER RECICLAR E COIDAR DO NOSO PLANETA



CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE